

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Juan Manuel Fajardo Recouso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Unha vez máis o conxunto de poderes da UE está negociar cos Estados Unidos de Norte América un tratado de libre comercio que, entre outras cousas, pode supoñer o fin dos nosos sectores primarios, nomeadamente a pesca e acuicultura extensiva. Sen entrar a valorar o conxunto deste acordo, que conta coa total oposición das organizacións que compoñemos AGE, parece realmente unha irresponsabilidade estar a tramitar un proxecto de lei como o da acuicultura sen que se teña en conta as obrigas que deste tratado se poden derivar para este sector, que implican por exemplo que poidan acabar producíndose no país peixes de orixe transxénico, incidindo de forma absolutamente descoñecida no noso medio natural, soamente esta cuestión unida o principio de prudencia debera facer replantexarse ao goberno a tramitación a actual lei de Acuicultura.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

Analizou o Goberno Galego as implicacións dos acordos transnacionais da UE sobre a nova lei de acuicultura que pretende aprobar o Goberno?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016.



Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 13/01/2016 11:01:50**